

AS NOSAS COUSAS



Revista trimestral do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Galán Oseiro-Arteixo (A Coruña)
Número 32

XUÑO, 2014



3º CICLO
PABLO VARELA



2º CICLO
FRANCO DEL VILLAR

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

VI CONCURSO NARRACIÓNS BREVES



VI CONCURSO DE CONTOS EN GALEGO ORGANIZADO POLO EDLG DO CEIP DE GALÁN OSEIRO-ARTEIXO (A CORUÑA)

FORMACIÓN: www.cep.galan@edu.xunta.es

DATA LÍMITE ENTREGA DE ORIXINAIS
21 DE ABRIL DE 2014

EQUIPO DINAMIZACIÓN LINGUA GALEGA
CEIP de GALÁN OSEIRO-ARTEIXO

XUNTA DE GALICIA
BELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E INVESTIGACIÓN
DENOMINACIÓN UNIVERSITARIA



INFANTIL
XIÁN PÉREZ PÉREZ



1º CICLO
MARTÍN TRILLO

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO, SABEDES IMAXINAR?, UNHA AMIZADE RARA, O DRAGÓN, O PAVO, AMIGOS POLO MUNDO, O PEIXE, OS ZAPATOS DE LIBORIO, A PÍNTEGA RABILONGA, O GOLFIÑO GRUÑÓN, O MEU AMIGO JOE, A TARTARUGA XIANA, O BURRO E O BOI, OS TRES CANS, O DRAGÓN AZUL, O MEU SONO, O INVENTO DAS SEMENTES, O CONCURSAZO...



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
CEIP GALÁN OSEIRO ARTEIXO

O SIMULACRO DE INCENDIO



XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Xosé María Díaz Castro naceu na parroquia dos Vilares, do concello de Guitiriz, o 19 de febreiro de 1914, sendo o terceiro de catro irmáns.

Procedía dunha familia labrega polo que Xosé María tivo que traballar en todo tipo de faenas agrícolas.


Os seus primeiros estudos realizounos na veciña escola de Buriz e continuounos na súa aldea natal, na «Escola da Conchada», construída cos cartos enviados polos seus veciños emigrados en Cuba.

Aos quince anos ingresou no Seminario de Mondoñedo para seguir os estudos de crego e alí escribiu os seus primeiros poemas, chegando a publicar algúns no xornal «*El Progreso Villalbés*», de Vilalba, en Lugo.

Ao deixar o Seminario rematou o bacharelato e estudou na Universidade de Salamanca, Filosofía e Letras. Dedicouse ao ensino e a estudar diferentes idiomas, traballando como tradutor en Madrid, onde chegou a ser o encargado dos servizos de tradución do Ministerio da Gobernación.

É autor dun único libro de poemas en lingua galega, «*Nimbos*», editado no ano 1961 e no que amosa a súa preocupación por Galicia e polos problemas de todo ser humano, a vida, a morte e o paso do tempo.

Este ano a Real Academia Galega dedicoulle o Día das Letras Galegas pola defensa e uso que fixo do noso idioma.



O pasado mes de maio visitounos no colexio un contacontos: Inacio.

Inacio naceu na vila pontevedresa de Lalín o ano 1974 e pertence a dous grupos de teatro de monicreques: *Viravolta* e *Seisdedos*. Foi o autor da obra gañadora do *VIII Premio Barriga Verde* de teatro para monicreques coa obra «*Fábulas Galénicas*», onde hai «*animais que falan como as persoas e persoas que se comportan como animais*», e no que conta as historias do burro da tía Lola.



Pero, que din os espectadores e espectadoras da actuación de Inacio?

«Hoxe no colexio escoitei un conto que nos contou un señor que se chamaba Inacio. O conto ía dun burro que non sabía que era un burro e que dixo que era un ministro e tamén dixo que era un cantante.

Paseino moi ben e ademais Inacio era moi divertido»

RUBÉN MARTÍNEZ, 2º B

«Hoxe, despois do recreo, veu un contacontos. Chamábase Inacio e contounos tres contos e nos cantou a canción do burriño Pepe. Cantou aquilo de: O burriño Pepe non sabía que era un burro...»

LAURA VERDES, 2º B



O alumnado de primeiro fomos de visita ás instalacións de Bonilla.

Puidemos ver como se elaboran esas patacas e gusaniños que tanto nos gustan. Vimos todo o proceso polo que pasan e todas as persoas que alí traballan. Son un equipo estupendo,

por iso os resultados son sempre tan bos.

Quedamos abraiados coa cantidade de patacas e de gusaniños que alí se almacenan. Facíase nos a boca auga e os ollos «chirivitas».

Pero como nós fomos nun grupo que se portou tan, tan ben, tivemos a sorte de levarnos como agasallo un dos seus mellores produtos... unha bolsa de patacas e outra de gusaniños.

Como dirían na fábrica...

BONILLA Á VISTA!



Durante este trimestre eu e a miña irmá Soraya impartimos unhas «conferencias» na Aula de Música para dar a coñecer a todo o alumnado do centro o que é o ballet e as diferentes variedades que existen.

Explicamos que o ballet é unha danza que se divide en outras tres danzas independentes:

-**O carácter**, que é unha fusión de flamenco e ballet, onde os pasos bases se realizan só cos pés xa que os brazos terman da saia. Para este baile usamos uns zapatos especiais de tacón.

-**A danza contemporánea**, que é a fusión entre danza moderna, ballet e danza clásica. Neste tipo de danza usamos vestuario cun estilo moi moderno, potra, top... e facemos moitas piruetas e collidas. Á diferenza do carácter, nesta danza usamos moito a parte superior do corpo.

-**A danza clásica** é a danza principal, á que chamamos vulgarmente ballet e na que nos centramos nas puntas dos pés. É un tipo de danza na que utilizamos os tutus, aínda que non son propios do vestuario do ballet. Esta danza utiliza aínda máis expresión que a contemporánea e non ten un único paso base.



Nas vacacións fun pasar uns días a casa dos meus tíos. Leveime unha boa sorpresa cando cheguei: tiña tres cans pequenos! Os pobres estaban sempre encerrados porque o meu tío tiña medo de que lle escaparan para o monte debido a que son de caza. Eu non os podía ver dentro da gaiola e cada pouco abríalles a porta para que foran correr pola horta. Daba gusto velos correr entre as leitugas e os repolos.

Primeiro ía «Chispa», que é a máis pequena e espabilada e detrás ía «Negriño» e «Mora». O problema era botalos outra vez para dentro e máis as broncas que me caían por sacalos de paseo. Aínda así eu non facía máis que ceibar os cans e eles a pasalo ben coa súa liberdade.

Un día pola mañá, meu tío amenazoume con que se volvía deixar saír os cans íame encerrar a min con eles. A pesares do medo que tiña pola ameaza non fun quen de resistirme e abrínlles a porta. Can tan mala fortuna que se meteron por un furado do aramado e liscaron para o monte.

Cansámonos de buscar por eles e cando xa os dabamos por perdidos presentáronse os tres na casa. Cada un traía un colar de ouro e perlas posto no pescozo. Nunca soubemos de onde saíran esas xoias nin onde estiveran os cans.

Cada un é moi libre de imaxinar o que queira, pero eu libreime da bronca e eles non volveron a estar encerrados.



Érase unha vez un pequeno canciño que vivía temporalmente nunha tenda de animais, alí era moi feliz. Un can de raza cocker, xoguetón e inquedo porque aínda era cachorro, e moi bonito cun pelo de cor castaña clara, case rubio. Un día o meu padriño entrou nesta tenda porque coñecía á moza que traballaba nela, a súa amiga enseguida lle ofreceu levarse o canciño porque entre eles había maxia, o noso amiguíño non paraba de menear o seu pequeno rabo e o meu padriño non puido resistirse, de repente era ¡¡¡un máis na familia!!!

Todo isto a min contáronmo porque o canciño chegou á miña familia catro anos antes de que eu nacera. ¡¡¡Aínda non vos contei cómo se chamaba!!!!, dixéronme que hai un cantante famoso que se chama Joe Cocker (eu non sei quen é) de ahí que a él sendo un cocker lle puxeran de nome Joe, este detalle do seu nome fícialle gracia a todos os que o coñecían. Pasaron catro anos e nacín eu, Laura. A vida de Joe cambiou nese momento porque agora tiña unha compañeira de xogos aínda que él sempre me coidaba, por exemplo cando eu quería levalo a pasear pola correa el era moi boiño e non tiraba de min para que eu non



caese senón que ía amodiño ó meu lado, as veces miña nai dicía que era o «*can aspirador*» porque todas as cousas comestibles que estivesen no chan acababan na súa boca... e se había algo que lle gustaba era levar un botellín de auga na boca mentres ía polo parque. Teño que aclarar que Joe non vivía comigo senón co meu padriño pero nalgunha ocasión quedouse na nosa casa e nós coidábamolo moi ben, aínda que nunca entendía por que cando chegaba o meu padriño él o esperaba na porta coa bolsa da súa comida na boca, creo que aínda que a

min me quería moito prefería estar na súa casa.

Supoño que xa vos dariades conta de que falo del en pasado. Morriu hai uns días, era moi velliño, tiña doce anos e iso creo que para un can son moitos; quedouse durmido e foi para o ceo coa miña avoa Chelo e o can da miña tia Cris, que tamén están ali.

Non estamos tristes, pero si que o botamos de menos, era moi, moi boiño e creo que tivo unha vida moi feliz con xente que o quixo e o coidou moito, a min gustaríame ter unha mascota na miña casa pero non dou convencido á miña nai, pero ese será... outro conto!.

«Dedicado a Joe, a mellor mascota do mundo mundial»

ABRIL CAMPO,
2º B
ROSA VÁZQUEZ

O BURRO E O BOI

DEBUXO: LUCÍA RABUÑAL LOUREIRO, 6º A


Un burro que se pasaba o día descansando preguntoulle a un boi se non se cansaba de traballar todo o día no campo e o boi contestoulle que era o seu traballo.

Entón o burro dixolle que era moi tonto porque el cando non quería traballar facíase o enfermo e entón o amo buscaba outro.

Ao día seguinte o boi fíxolle caso e finxíu estar enfermo. Ao velo o amo decidiu levar ao burro e estivo todo o día arando sen descanso.

Ao chegar a noite o boi preguntoulle que tal o día e o burro contestoulle.

-Moi mal, estou moi arrependido de aconsellarte mal e nunca mais me farei o enfermo.




Había unha vez un golfiño que sempre tiña cara de enfadado, o golfiño vivía nun acuario e tiña que facer que os nenos e os maiores o pasaran ben facendo acrobacias, pero tiña un defecto: que sempre estaba de mal humor e ninguén sabía por que. Os nenos dábanlle peixiños para comer e el comíaaos pero con mala cara. Un día os seus adestradores colleron e dixeron:

-Temos que averiguar por que sempre ten mal humor.

Entón mirárono e encontraron o problema: tiña unha moa picada e entón chamaron ao dentista de golfiños e empastoulle a moa e por fin o golfiño comezou a sorrir e tanto os nenos coma os maiores estaban moi contentos de velo sorrir e decidiron cambiarlle o nome.

-A partir de agora chamáremoslle o golfiño alegre. E colorín colorado este conto está rematado.



Esta é a historia dunha píntega rabilonga que vivía nas Fragas do Eume

Encantáballe aquel sitio porque era o único no mundo no que podía vivir coma unha raíña.

Tiña todo para ser feliz. Sombra, humidade, grandes pedras cheas de mofo para poder durmir debaixo. Auga corrente e limpa, onde darse un baño ben refrescante. E tamén un menú moi variado de arañas, lesmas e outros moitos insectos.



En definitiva, aquel era o lugar perfecto para vivir unha píntega. Ela e máis todas as súas irmáns (que eran moitas) eran moi felices. Ata que un día algo empañou tanta felicidade.

Todos os días centos de persoas visitaban as Fragas para admirar toda a súa beleza, uns ían a pé e outros en bicicleta.

E cando a píntega e as súas irmáns cruzaban do bosque cara ao río para darse un chapuzón, algunha era aplastada polos ciclistas.

Así un día tras outro, ata que decidiron que cada vez que unha delas fora aplastada, centos de píntegas saían de todos os recunchos do bosque, para morderlle o cú a quen o fixera.

E así foi! O primeiro ciclista que pasou por alí e atropelou unha, marchou cun cento de píntegas enganchadas no traseiro e dando uns berros que poñían os pelos de punta a calquera.

Para sorpresa dos animalións, nunca máis se volveu atropelar a ningunha compañeira, a razón aínda non está clara.

Pero pensan que a xente que cuida das fragas, ao ver aquel home con tantas píntegas enganchadas no cú, déronse conta que o único que querían era protexer o seu fogar e a súa familia. Así que dende aquel día, hai un cartel ben grande na entrada do parque que di: «**PROHIBIDO BICICLETAS**»

Liborio cumpre anos dentro dunha semana e ten aos seus pais moi preocupados.

A ilusión do rapaz, dende que era un cativo, era ter uns zapatos de charón negros. Os seus irmáns sempre foron descalzos. Todo o máis, algúns domingos, con calcetíns de cores. Seus pais nunca zapatos viron nos pés. pero Liborio quere uns zapatos. É a ilusión da súa vida.

Os pais pensaran mercarlle unha bicicleta, que lle saía máis barata, ou unha tablet, ou un ordenador, ou... pero nada, Liborio, o que quere son uns zapatos de charón.

-Válgame O Señor!- quíxase a nai- cun soldo só na casa xa me dirás de onde imos sacar os cartos para os zapatos.

-Xa veremos- murmura o pai. Liborio non é un rapaz coma os outros. Eses zapatos son a ilusión da súa vida e teremos que ver o xeito de mercarllos.


Aqueles días o pai de Liborio saiu visitar a case que todos os seus amigos e coñecidos e, por fin, entre algúns deles fixéronlle un préstamo para iralles pagando aos poucos.

O día do cumpreanos chegou por fin, e cando Liborio espertou, encontrou un caixón-case que tan grande coma a cama, cun lazo azul fosforito, e dentro os seus zapatos novos. Foi o día máis grande de toda a súa vida.

Despois de xantaren e soprar as candeas da tarta, ao postre toda a familia cempés

saiu dun zócalo baixo un moble onde teñen a súa vivenda e, aproveitando que a casa estaba valeira, déronse un paseo por todo o salón.

Abrindo a marcha e todo fachendoso vai Liborio cos seus zapatos novos de charón.



Esta historia ocorreu hai uns meses.

Estaba na casa da miña avoa cos meus pais, e entón eu e máis o meu pai decidimos ir dar un paseo. Fomos por un monte onde había uns carballos moi fermosos. Xa no interior do bosque cando estábamos cheos de andar atopamos unha lagoa de auga moi cristalina e brillante.


Eu quixen tocar esa auga e achegueime a unha pedra dende a cal lle chegaba. Toqueina, e con tal mala sorte, caeume o compás que tiñamos para voltar a casa. De súpeto saíu á luz un peixe rosa chicle. Nunca vira un peixe parecido!

O peixe devolveume o compás a cambio da promesa de non lle revelar a ninguén a súa existencia.

El díxome que pronto ían emigrar, xa que era a época da súa marcha cara outras augas.

Ao chegar a casa busquei en internet e en moitos libros de peixes e animais acuáticos e... non existía tan peixe!

Dende aquel día sempre vou ata aquel monte, pero a lagoa xa non é cristalina nin brillante: é azul e baleira. O peixe non está polo de agora, pero eu sei que voltará cando volva emigrar e cando esto pase xa vos contarei que acontece.



Un ano, Lucía e máis a súa familia foron a París.

Unha das cousas que máis lle chamou a atención era a Torre Eiffel. Cando chegaron Lucía fíxolle moitas fotos e mentres as facía un neno achegouse e díxolle:

-Bonjour! Podo ser amigo teu?.

Ela díxolle que si e estiveron todas as vacacións xuntos. Cando se despediron a nena invitouno a que coñecera ao seu pai.

Outro ano esta familia foi a Xapón e Lucía enterouse que ademais de falar moi raro escribían con debuxos.

Lucía estaba desexando coñecer eses idiomas. Un día unha nena díxolle:

-Kocnichiwa! Podo xogar contigo?


Lucía díxolle que si e fixéronse moi amigas e cando se despediron invitouna a que fose á súa casa.

Ao ano seguinte foron a Estados Unidos a ver unha cidade na que había unha estatua xigantesca. A esa estatua chámanlle a Estatua da Liberdade e alí coñeceu outra amiga.

Lucía entendía ben a esa nena porque coñecía o seu idioma e tamén a invitou á súa casa.

Un día Lucía falando cos seus pais díxolle:

-Encántame ter amigos polo mundo! Papá. podo facer unha festa e invitalos a todos?



Era un día de choiva pola tarde e como non tiña moito que facer púxenme a ler un dos meus libros favoritos «*As aventuras increíbles*».

Tan concentrado estaba no conto que de súpeto aparecín dentro del. Foi marabilloso!

Encontrábame nun barco de piratas en plena batalla campal contra outro barco que non pode describir. O que si sei é que loitabamos pola posesión dunha illa situada no centro do océano, totalmente deshabitada pero dicían que estaba chea de tesouros. Despois daquela loita lembrei que non sobreviviu ninguén, só eu, xa que logrei fuxir nadando ata a illa. Ao chegar alí decateime de que ía a vivir o resto da miña vida nunha soidade absoluta, e todo por un tesouro inexistente.

Lémbrome que me puxen a chorar con tanta forza que espertei dando un chimpo na miña cama.

Ao momento lembrei que me quedara durmindo lendo o meu conto favorito, máis o que me estrañou foi atopar ao meu carón dúas cunchas cheas de areas.





**ESTE CURSO OS DE INFANTIL,
SEN PARADA E SEN ACOUGO,
POR ARRIBA E POR ABAIXO,
BUSCÁBAMOS UN TESOURO.**



**CHEGABAN CARTAS DE ANANOS,
XA VIÑERAN FADAS ANTES,
PARA AUMENTAR O MISTERIO
APARECERON XIGANTES!!.**



**ELES POÑÍAN Á PROBA
A NOSA MENTE E INXENIO.
PENSAR, PENSAR E PENSAR
PARA O TESOURO ATOPAR.**

O SOUTO DO ANANO



**LABIRINTOS, TRABALINGUAS,
MENSAXES A DESCIFRAR...
SE QUEREMOS O TESOURO,
NON PODEMOS DESCANSAR.**



**PASÁMOLO DE MARABILLA
CON TOMOSKI ESTE ANO.
TODOS QUERÍAN QUEDAR
NESTE SOUTO DO ANANO.**

Había una vez un rapaz que ía andando solo polo monte. E andando, andando, atopou unha bolsa chea de moedas. Nas moedas estaba gravada a imaxe do rei do bosque que era un trasno.

Todo o que tiña a súa imaxe pertencíalle e por iso as moedas eran da súa propiedade. Pero, coas moedas había unha mensaxe do rei dirixida ao rapaz, na que lle pedía que rescatase á princesa da torre do Castelo, onde a tiña pechada un dragón. O rapaz, que era moi va-

lente, volveu meter as moedas na bolsa, colgounas no cinto e marchou correndo cara ao Castelo. Cando chegou, deu a volta arredor do Castelo e, como estaba canso de correr, botouse a descansar apoiado nunha árbore. De súpeto, abriuse unha porta secreta.

Xa alí presentouse ao rei e este díxolle que se tiña que disfrazar dun cabaleiro amigo do dragón e que logo lle ensinaría un camino para chegar á torre sen que os gardas o visen. Cando

estivo preparado, subiu e atopou ao dragón durmindo diante da porta da torre. Sen querer, pisou un pao que había no chan e o dragón espertou. Pelexaron e o dragón conseguiu atalo cunha corda. Despois meteuno na torre, na mesma gaiola na que estaba a princesa. Cando se viron, miráronse aos ollos e namoráronse ao instante. Coa axuda da princesa, o rapaz conseguiu desatarse. Entre os dous argallaron un plan para saír de alí. O plan consistía en tratar de chamar a atención do dragón para poder quitarlle as chaves da porta. Primeiro tiraron unhas moedas ao chan. O dragón entrou para ver que ocorría. Cando ía cara á fiestra, o rapaz, que era moi bo lanzador, tiroulle dúas moedas aos ollos. O dragón tambaleouse e caeu ferido.



Os rapaces conseguiron quitarlle as chaves, abriron a porta da gaiola e fuxiron cara ao bosque. Cando o dragón espertou, púxose moi furioso e de tanto xenio que lle deu rompeu a fiestra e caeu morto no foxo que arrodeaba o Castelo.

Mentres, os rapaces corrían e corrían e...

-Lois, levanta, xa é hora de ir á escola.

O rapaz, de súpeto, espertou e decatouse de que todo fora un soño.

MANUEL
RUIBAL
CABALLERO,
5º B

O PAVO

Meu pai sempre me contaba unha lenda dun enorme pavo coas plumas máxicas e a persona que crera nela tería sete desexos, e un día preguntoulle.

- ¡Papá, cando é que aparece!

- Creo que viña o día de Acción de Gracias.

- ¡Pero aquí nos non o celebramos!

- É verdade, pero lembra que tes que ter fe. Hasta mañá.

Uns días despois:

-E o día de Acción de Gracias! - dixeron eu.

- Xa que máis dá! dixo Tobías, o meu amigo.


- E que ten algo importante, Xavier? preguntou Tadeus.

- Si! Mirade ao meu pai...

Un pouco mais tarde:

-Xa chega!

Ao final chegou. Eles puideron pedir os seus desexos porque tiñan fe.




Esta é a historia de Matt, o meu avó, que me contou a odisea que o converteu no heroe de toda a terra.

Corría o ano 1953 e unha mañá de verán saltou a alerta nos observatorios espaciais de todo o mundo ao identificar nos radares un obxecto estraño e descoñecido para os científicos da época. Ao principio creron un meteorito pero logo ao ir achegándose á terra percibiron vida dentro do obxecto. Aínda que parecía increíble, a través das noticias advertiuse á poboación que podía tratarse dunha invasión alieníxena. Ao chegar a noite sucedeu o que tanto se temía e o obxecto estraño resultou ser unha nave invasora a que se identificou procedente do planeta

Neptuno, manifestando que viñeron á terra en busca de escravos para formar un exército e así ir conquistando todos os planetas da galaxia.


Os alieníxenas eran seres moi diferentes a nós: median entre 2 e 3 metros e posuían catro brazos a cada lado, tres colas, tres ollos e seis patas, pero o mais perigoso destes seres era o seu poder hipnótico sobre o cerebro humano, sendo esta a razón pola que elixiran o noso planeta.

Ao cabo duns días case toda a poboación estaba baixo o poder dos invasores que practicamente tiñan o exército formado por humanos. Cando todo parecía perdido, Matt descubriu que existía unha forma de non caer baixo o poder hipnótico dos alieníxenas e esta consistía en protexer os ollos da mirada dos invasores, xa que eles nos hipnotizaban a través destes. É aquí onde o noso protagonista ía converterse en heroe xa que o meu avó Matt era inventor e decatouse que se usaba unhas lentes que se lle caeran a un alieníxena curto de vista que roldara preto do terreo do meu avó. Eles non poderían controlar o seu cerebro. Entón foi que Matt finxindo estar hipnotizado se coou na nave



cunha bomba que lles roubou aos alieníxenas, e usando un dos seus inventos conseguiu imitar a voz do alieníxena xefe para ordenar a todos os humanos que baixen inmediatamente da nave. Cando se asegurou que todos os humanos descenderan colleu un paracaídas para poder saltar da nave, xa que a súa idea era facela explotar en voo para non provocar danos na terra, e deste xeito cunh valentía tremenda activou a bomba que explotaría nun minuto que era o tempo que tiña para fuxir e saltar da nave. Xusto cando estaba para saltar apareceu o alieníxena xefe que ao notar que a nave despegaba e que non estaban os humanos sacou unha arma para matar a Matt, pero o meu avó que quería salvar ao mundo lle deu un golpe duro e atinado no estómago con tanta forza que o invasor se desmaiou da dor. Case sen tempo Matt saltou da nave no mesmo instante que esta voaba en mil anacos matando a todos os alieníxenas procedentes de Neptuno.

Ao chegar ao chan todo o mundo estaba a esperar o seu heroe que arriscara a súa vida para salvar a humanidade. Foi así que o meu avó pasou á historia como o humano que co seu enxeño e valentía puido dobregar á forza bruta duns seres malvados. E nunca máis ningún alieníxena volveu á terra sabendo que aquí os esperaba unha raza lista e preparada para sobrevivir a todo.



XIÁN PÉREZ
PÉREZ, 4º EI
Mª SOLEDAD
PÉREZ CARRIL

O DRAGÓN AZUL

DEBUXO: DIEGO FERREIRO, 2º C

Contan os meus avós,
unha historia ben curiosa,
dun dragón azul
é unha historia fermosa.

Era un gran dragón
que tiña lume na boca,
quixo ir ao dentista
porque a queimara toda.

«Coidado co lume!» -dicia o doutor
cada vez que sentía aquela calor.

O dragón non era quen
de controlar aquela onda.

Levárono ao río Sisalde
e a boca na auga fonda
metéronlla ben aberta
para apagar as brasas todas.



SABELA
ALBARIÑO, 5ª
ANABEL
GONZÁLEZ

UNHA AMIZADE RARA

DEBUXO: AIDA GESTO GARCÍA, 6º A

Pedro era un neno bo pero algo traste
Os seus avós vivían preto de Altamira. E el sempre
que podía, ía ás covas de Altamira. Pero un día de



verán, visitando as covas, encontrou un burro con ás. Pedro quedouse abraiado e díxolle:

- Pero ti que fas aquí?

- Eu son un pobre burro con ás pero que non pode voar.- respondeu o burro.

- Eu axudareite!, dixo o neno.

Pedro non podía ensinarlle moi ben a voar, pero leváballe comida e mantas por se tiña frío. Esas vacacións de verán foron as máis felices da súa vida. Tódolos días ía darlle clases, ata que un día aprendeu a voar. Pedro apuntou ao burro a unha carreira de cabalos.

Pedro sabía que podía gañar e dallye ánimos para seguir adiante.

Unha vez na carreira, o burro está moi nervoso, pero non pode poñerse máis, senon podería perder. Os cabalos comezan a correr e o burro comeza a voar. ¡O burro gaña a carreira! Que alegría!. Pero

o máis bonito é que esa amizade dura para sempre.

Pedro e o burro vanse voando felices por sempre e xamais.



Había unha vez unha tartaruga que se chamaba Xiana.
Vivía nunha praia da costa.

Un día veu unha onda moi grande que arrastrou a Xiana mar adentro. Ela asustouse moito ao ver como perdía á súa familia de vista.

Cando a treboada rematou, a marea deixouna nunha illa.

Alí coñeceu a un cangrexo chamado Berto, que lle contou que a marea tamén o levara a el ata alí.

Entre os dous recolleron madeira coa que fixeron unha balsa coa que puideron regresar coas súas familias. Na viaxe fixéronse moi amigos e prometeron volver a verse.

Cando Xiana chegou á súa casa, a súa familia alegrouse moito. Ela contoulles todas as aventuras que vivira con Berto e o amigos que se fixeran.

Cearon todos xuntos e despois acompañárona ata a súa habitación. En canto se meteu na cama quedou durmida, soñando que pronto voltaría a ver ao seu gran amigo Berto.



Había unha vez un neno chamado Denís. Denís era moi alegre e un pouco pequerrecho.

Un día na escola, cando estaban no patio de xogos, Denís veu a uns nenos sentados todos nunha fila, facendo ruidos moi raros. O neno moi curioso preguntoulles:

-Qué facedes, estades tolos ou que?

Os rapaces sorrindo contestáronlle.

-Non estamos tolos, andamos xogando ao tren.

O pequeno mirou por todos lados pero non ollou ningún trren, parecíalle todo moi raro así que volveu a insistir:

-Onde está o tren?

Eles renpondéronlle que o tren era imaxinario e convidáronno a xogar. Denís sentouse pero non facía nada. Os outros rapaces comentaron:

-Pobre Denís, non pode imaxinar.

De súpeto Denís esforzouse por pensar.

Tocou a serea, era hora de entrar, pero o neno quedou chorando no patio.


A mestra veu por él e preguntoulle que lle pasaba. El díxolle:

- Non podo imaxinar nada, nada, nada.

Entón entraron para dentro e ela deulle unha folla en branco e unhas pinturas e explicoulle que hai outras maneiras de imaxinar. Denís comezou a pintar trens, coches, cabalos, etc.

-Ves, isto é imaxinar, agora podes imaxinar todo.

E desde aquel día Denís xa non tivo problemas para xogar cos seus compañeiros e viña moi contento á escola.



DEBUXO: LIDIA SÁNCHEZ VÁZQUEZ, 2º A


DEBUXO: ANDREA VILLAR SUÁREZ, 2º A

Era unha vez un pobo onde vivían cinco veciños. Os veciños dependían do campo para vivir. Un inverno foi moi frío, con moitos temporais e inundacións. Os campos quedaron arrasados e sen nada.

Un día pasaron polo pobo uns viaxeiros e viron a terrible situación dos veciños. Cos viaxeiros tamén viña un neno. Tódolos veciños e máis os viaxeiros estaban tristes porque quedara todo desfeito.

O neno, que era pequeno, vía cousas pequerrechas e diminutas que os maiores non vían porque estaban ocupados lamentándose.

O neno empezou a xogar con ramas pequeniñas, pedras... e ía meténdoas nun saco, ata que o enchíu. Unha vez cheo o saco, repartíu as cousiñas en cinco saquiños máis pequerrechos, dándolle un a cada veciño. Nos saquiños había podallas, sementes diminutas, ósos de froitas, gromos de plantas pequeniñas, etc. O primeiro veciño deulle as grazas ao neno e cando chegou a casa tirou o saco nas rochas, pensando que era un xogo do rapaz sen importancia.



O segundo veciño usou o contido do saquiño para darlle de comer ao seu can, porque era o máis importante para el.

O terceiro veciño tirou as sementes na antiga horta e non lle deu importancia.


O cuarto veciño plantou todo na horta, e tanto as cuidou e con tanto esmero e présa que as murchou de tanto regar.

Tras uns meses as plantas floreceron.

O quinto veciño tiña unha horta moi bonita e con moitos frutais, a horta do cuarto veciño non era tan boa, pero algo había recuperado. Incluso o terceiro veciño viu unha árbore na súa horta onde máis lle daba o sol. O primeiro e o segundo veciños sobreviviron a duras penas con algo que brotou de milagre entre as rochas e algún óso de froita que agachou o can na terra máis a axuda dos outros veciños.

Os viaxeiros volveron pasar despois de cinco anos, e o neno xa tiña nove anos. Os pais quedaron asombrados de como había florecido este pobo en cinco anos, era increíble a forza da natureza. Pero tamén lles chamou a atención que florecera máis pola zona onde vivían o cuarto e o quinto veciño.

O neno que ía detrás sorriu.



Nunca pensei que a vida dunha planta tivera tanta importancia coma a dunha persoa.

Isto sucedeu-me hai un par de anos cando eu tiña só cinco e aínda non sabía falar ben.

Estaba de vacacións na aldea dos meus avós xogando co meu can Bol á pelota e de súpeto oín berrar alguén. Parecía que os berros viñan de moi lonxe, mais despois de estar rixiando quen era o que



berraba, decateime de que realmente estaba ó meu carón. No chan vin unha planta coas follas murchas e sen cor. Estaba totalmente seca e case espida! Axeonlleime e preguntéille que lle pasaba.

Coas poucas lágoas que lle quedaban, díxome que estaba quedando sen folgos xa que había tempo que non chovía e non podía seguir vivindo sen auga. Lixeiro fun buscar un vasiño dela, boteillo na raíz e aos poucos minutos a planta comezou a estirar. Que ledicia! Ata parecía que medrara un palmo máis do que realmente era.

De seguido pedínlle á miña avoa que a colocara dentro dunha maceta e así a podería coidar mellor. A verdade é que nunca endexamais a volví a escoitar falar pero o que si sei é que está moi feliz, xa que a teño vivindo comigo e xa é tan grande coma mín.



PROFESOR
XAVI
CHON

EUROCONCURSAZO

Para participar no Euroconcursoazo só tes que ler a revista, cubrir os pasatempos, recortar pola liña e introducir esta folla no monstro azul do recibidor do colexio. O agasallo será... unha sorpresa modelo verán 2014. Rápido e... sorte!

LABIRINTO

Por onde terá que pasar Xosé María Díaz Castro para chegar a coller o seu libro «Nimbos»




NOME E APELIDOS

CURSO



O ENCRUCILLADO TERRIBLE

Despois de ler a revista, non terás problema en solucionar este encrucillado. Ah, podes pedir axuda. Sorte, de novo!



- 1.- Animal mitolóxico que bota lume pola boca.
- 2.- Nome dun dos tres cans de caza que sempre estaban encerrados e non podían saír ao monte.
- 3.- Autor e contacontos que nos visitou no mes de maio.
- 4.- Fabrica que visitou o alumnado de 1º e na que elaboran unhas patacas fritidas moi, pero que moi ricas.
- 5.- Parte máxica do corpo dun pavo enorme que concedía sete desexos ao que cría nel.
- 6.- Segundo apelido do autor do Día das Letras Galegas.
- 7.- Nome do neno que non sabía imaxinar.
- 8.- Que tipo de animais eran «Chispa», «Negriño» e «Mora»?
- 9.- Era moi gruñón porque tiña unha moa picada, era un...
- 10.- Viaxaba moito, foi a París, a Xapón, a Estados Unidos...
- 11.- Os de infantil leron un conto dun anano que vivía nun...
- 12.- É o primeiro apelido de Xosé María, o autor ao que se lle adicou o Día das Letras Galegas deste ano.
- 13.- O dragón tivo que apagar o lume da súa boca nun río de Arteixo, que vai saír aló pola praia de Barrañán, é o río...





FESTIVAL LETRAS GALEGAS, 2014



IMOS AO INSTITUTO ...!



SEXTO A

Marco, Alba Velo, Izan, Andrea, Martín, María, Jose, Natalia, Nicolás, Laura Soto, Pablo, Ainara, Alejandro, Lucía, Jesús, Carla, Alex Campo, Aida, José Antonio, o profe, Diogo, Michelle, Jonathan, Alba Alonso, Samuel, Teresa, Diego e Laura Bello.



SEXTO B

Eva, Aarón, Sara, Sarai, Daniel Ardións, Félix, Lucía Araújo, Patricia, Juan Cruz, Andrés, Ana, Nicolás, Zaira, Isabel, a profe, María, Emily, Lucía Neira, Kaoutar, Daniel Arijón, Jairo, Daniel Riveiro, Fran, Fernando e laván

O NOSO PRIMEIRO ANO NO COLE



INFANTIL 3 ANOS

María, Sandro, Yeray, Adriana, Alicia, Hugo, Nacho, Iago, Yago, Gabriel, Xián, Diego Ares, José, Inés, Martina, Dani, Isaac, Omar, Alba, Lucía, Ángela, Clara, Nagore, Ammar, Yara, Diego Alexandre e Cristina, a profesora.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN

Julio Pedrosa Moreno
M. Del Carmen García Vila
M. Carmen Facal Traba
M.ª del Carmen Iglesias Barbazán
Montserrat Souto Calviño
Enriqueta Blanco Sanxiao
Montserrat Pérez Villar
José Antonio Picado Rodríguez
Armando Xosé Herrero Mayor

